

# ESQUEMA VIXILIA PASCUAL 2025

## LUCERNARIO

### MONICIÓN DE ENTRADA

Canto co cirio : **LUMIÑO DE LUA CLARA (1)**

### PREGÓN PASCUAL

Canto: **IDE E PREGOADE (2)**

## LITURXIA DA PALABRA

PRIMEIRA XÉNESE (1 Fornelos)

Canto: **O MAR, AS ESTRELAS, OS RÍOS E O SOL (2 Xunqueiras)**

Primeira oración cos nenos

SEGUNDA ÉXODO (3 Calvos)

Canto: **A TÚA PALABRA É O MEIRANDE BEN (4 Verducido)**

Segunda oración cos nenos

TERCEIRA EZEQUIEL (5 Moscoso)

Canto: **VEÑA O TEU REINO SEÑOR (6 Traspielas)**

Terceira oración cos nenos

### MONICIÓN AO GLORIA

Canto: **GLORIA A DEUS (3)**

Cuarta oración cos nenos

LECTURA DO N.T (ROMANOS) (7 Ventín)

Canto: **XESÚS É SEÑOR**

### EVANXEO

Canto: **XESÚS É SEÑOR**

## LITURXIA BAUTISMAL

LADAIÑAS

BENDICIÓN DA AUGA

Canto: **A AUGA DO SEÑOR (4)**

RENUNCIAS AO MAL (8 San Vicente)

RENOVACIÓN DAS PROMESAS BAUTISMAIS (9 e 10 Estacas e A Laxe)

## LITURXIA EUCARÍSTICA

OFRENDAS

Canto do santo: **SANTO (6)**

PREGARIA EUCARÍSTICA

Canto da paz: **QUE MEDRE A PAZ NA NOSA TERRA**

Cantos na comunión: **TODO O MUNDO UNHA FAMILIA (5)**

**ACHARTE PRESENTE NA VIDA (9)**

**NO COLO DA MIÑA NAI (8)**

DESPEDIDA

Canto final: **XESÚS CHAMADO AMIGO (7)**

# LITURXIA DA LUZ

## MONICIÓN DE ENTRADA *(están as luces apagadas)*



Pascua con Andrés.m2ts

Xuntámonos hoxe aquí, nesta noite para celebrar a festa máis importante dos cristiáns; a festa da Pascua. Hoxe é a noite na que Xesús resucitou. E por iso é a noite da ledicia e da esperanza.

A pesares da dor e tristura que moitas veces se fan compañeiras no noso camiño, a pesares dos medos e do que nos escandaliza a violencia que hoxe vive Palestina, e que non podemos entender, non esquezamos que son moitos máis os momentos de ledicia, esperanza e fraternidade, compartidos no ámbito familiar, nas nosas relacións cos veciños ou no tempo desfrutado ao carón dos amigos.



Imaxe 103 persoas á beira do lume na noite

Todas estas experiencias de luz queremos agora bendicilas.

*Queremos tamén que esta bendición e esta luz se abran camiño nos corazóns de todos para que chegue a paz, para que ninguén sexa excluído como refuxiado ou emigrante. Porque a todos nos doe o nada que vale a vida nas terras de Palestina, terras e pobos nos que Xesús viviu a súa Pascua.*

*Nestes momentos difíciles para a igrexa que todos formamos non podemos esquecer o sufrimento dos que senten ou sentiron na súa vida a realidade dos abusos por xentes da propia igrexa. Queremos xustiza e luz nas súas vidas.*

A Resurrección de Xesús é esa luz que nos permite descubrir que a nosa vida vale a pena, ¡ vale a pena vivir como Xesús viviu !. El pasou pola vida coidando de todos, e ensinounos que dar unha man sempre é de proveito.

Agora, arredor desta fogueira, bendicimos a luz, e con ela acendemos o cirio pascual, Xesús resucitado, luz para nosa vida, *para a paz e os refuxiados, para as vítimas de abusos, e para cantos sufriron e sofren por calquera causa.*

## ORACIÓN



Imaxe 104 lareira ardendo (ao acender o cirio) *Deus, noso Pai, por medio de Xesús, o teu Fillo, déchesnos aos que cremos en Ti e a todos os homes e mulleres do mundo, o lume do teu amor. Santifica este*

*lume [\(faise o sinal da cruz para bendicilo\)](#) e fai para que, cun corazón limpo e cheo de amor [\(o celebrante acende o cirio na fogueira e di:\)](#) a luz de Cristo, que resucita hoxe glorioso, faga desaparecer a escuridade e as tebras da nosa vida: a tristura, o desánimo, o medo, o desalento, tamén a envexa, o egoísmo, as críticas, todo o que nos separa e nos divide. Que Xesús sexa sempre a nosa luz.*

(Acéndense as primeiras luces)

## Canto **A CRISTO CANTAMOS 1**



Imaxe 105 vela pequena (ao comezar as primeiras veliñas no cirio)



Imaxe 106 varias velas pequenas (ao empezar a pasar velas á xente)

## PREGÓN PASCUAL



**HOXE É A NOITE DA RESURRECCIÓN E DA VIDA!**

Imaxe 107 fogos artificiais (cando comeza o pregón)

Naquela noite a voz pregunta unha e outra vez:  
cando será o día?, cando desaparecerá a tebra?

Naquela noite agromou a vida,

por iso non podemos calar, e unímonos para cantar:

**IDE E PREGOADE A NOVA DE DEUS 2**

Canto queda de noite, de soidade, de fracaso?.

Canto queda de morte?

A vida hoxe é a resposta, a Vida co que trouxo a vida.

Por iso dicimos xuntos:

**O SEÑOR RESUCITOU, TAMÉN NÓS RESUCITAMOS!**

Pouco a pouco o frío da noite da morte vainos deixando,

e chega a calor dos coidados vividos

arredor do noso párroco Andrés,

a calor dos coidados aos maiores,

a calor da fin de tantas soidades vividas

nos fogares, nos hospitais, nas residencias de anciáns.

As lembranzas van deixándonos volver á vida,

pero seguimos necesitando mans coidadoras e coidadosas.

Deus Pai, aliácheste con nós,

fixéchesnos o teu pobo, e non cansamos de dicir:

**O SEÑOR RESUCITOU, TAMÉN NÓS RESUCITAMOS!**

Busquemos agora a paz,  
e afastémonos da violencia.  
Escandalicémonos e non calemos diante dos que matan,  
dos que negan a vida,  
dos que abusan dos máis febles.  
O noso berro, Señor, fala de vida proclamando todos xuntos:  
**O SEÑOR RESUCITOU, TAMÉN NÓS RESUCITAMOS!**

A vida con Cristo está a xermolar,  
necesitamos refacer camiños de paz,  
os ruídos da violencia non poden esconder a esperanza,  
a morte e todas as mortes con Cristo son vencidas,  
e nós volvemos cantar:

## **IDE E PREGOADE A NOVA DE DEUS 2**

Cristo xa resucitou! A terra berra contenta!  
A vida vai deixándonos volver á VIDA!  
e a pesares dos medos coas xentes de Palestina,  
e a pesares das vidas rotas pola riada e a dana  
grazas, Señor, pola ilusión e a esperanza  
que vas pondo día a día nos corazóns e nos feitos.  
Que nunca teñamos medo,  
que manifestemos o noso escándalo  
pola inxustiza que se produce no abuso aos menores,  
que xuntos, vaíamos todos polos vieiros que coidan a terra.  
Porque hoxe é noite de festa e de vida,  
para sementar o froito da paz e da fraternidade.

Aleluia, é pascua; aleluia, non perdemos ao Señor,  
camiña á nosa beira tendo sempre man de nós.

Veciños e veciñas da comunidade de Os Cotos  
por orde de Xesús Resucitado  
quedan inauguradas as Festas da Pascua.  
Veciños e veciñas  
por orde do Señor Resucitado  
acheguemos mans á paz.

**(Acéndense o resto das luces)**

## **IDE E PREGOADE A NOVA DE DEUS 2**

**(Ao rematar esta cantiga remata o pregón e non se poñen imaxes)**

# LITURXIA DA PALABRA

## PRIMEIRA LECTURA: XÉNESE

Deus pon o coidado da terra nas nosas mans

*Xa no comezo, Deus non fai distincións entre as persoas. Somos “á súa imaxe e semellanza”. E mandounos “enchede a terra e coidádea”. Pero non dixo que esa terra era só duns poucos. As guerras, as alambradas e os muros non están na creación, son cousa nosa. A terra é fogar de todos, é fogar para todos.*

***Escoitándote Señor, queremos derrubar os muros da desigualdade e dos abusos. Queremos tamén afirmar o noso desexo de que ninguén se sinta superior aos outros e con dereitos sobre eles e as súas vidas. Doídos nos deixa a vida rota na violencia.***

***Escoitemos o relato da creación.***

Lectura do libro da Xénese



**Imaxe 201** auga, terra e ceo

No principio creou Deus o ceo e a terra.

Despois dixo Deus:

- “Fagamos as persoas á nosa imaxe e semellanza e que mande nos peixes, nos paxaros, nos animais todos da terra”.

E creounos Deus á súa imaxe, varón e femia os creou.



**Imaxe 202** unha parella

E bendiciunos así:

- “Reproducídevos, creced, enchede a terra e coidádea. Mandade nos peixes do mar, nos paxaros do ceo e nos animais todos da terra”.



**Imaxe 203** familia

E díxolles aínda:

- “Douvos tamén as herbas todas que hai na terra, coa súa propia semente, e tódalas arbores que dan froito, a fin de que sirvan para vosa mantenza e a dos animais”.

E así foi.



**Imaxe 204** natureza

E viu Deus canto fixera e velaí que era de verdade moi bo.

PALABRA DO SEÑOR

**O MAR, AS ESTRELAS, OS RÍOS E O SOL  
OS PRADOS E AS LEIRAS PARA TI SEÑOR**



**Imaxe 205** flores

Ti enches de vida os ríos,  
que corren entre montañas.

Nas súa ribeiras habitan paxaros  
que cantan na ramallada.



Imaxe 206 árbores

Cantas son Señor todas as túas obras.  
Todas feitas con gran saber.  
A terra está chea das túas criaturas.



Imaxe 207 canciños

**O MAR, AS ESTRELAS, OS RÍOS E O SOL  
OS PRADOS E AS LEIRAS PARA TI SEÑOR**

### Primeira oración cos nenos



1 **Imaxe 210 refuxiados** Pai da vida, ampara os nosos días e fai que sexamos acolledores cos refuxiados.



**NO al abuso sexual infantil!!  
Detenerlo es tarea de TODOS!!**

**Imaxe 211 abusos** Fai que sexamos respectuosos con nós mesmos e cos demais, porque son moitas as vidas doídas e feridas.



**Imaxe 212 cuidando** Dános forza para seguir sendo coidadores e coidadosos con nós, con todos e con todo. E axúdanos a facer da terra un fogar no que nos sintamos en paz. Por Cristo noso Señor. Amén.

**(Os globos coa oración e a cesta pónenos á beira do estandarte das parroquias)**

## SEGUNDA LECTURA: ÉXODO

Deus fai amizade de pobo e camiña á nosa beira

**Escoitaremos nesta lectura “Vai ser necesario que se poñan en camiño cara unha vida mellor”. A guerra, o maltrato, o abuso, a inxustiza non teñen cabida no mundo que, Ti, Señor, nos dás.**

**En Palestina enfróntanse cada día coa morte, nós seguimos enfrontándonos á violencia, sempre na procura dunha vida mellor e máis digna.**

**Hoxe somos nós Señor o teu pobo, e confiamos en que Ti nos liberas. Escoitemos o bo facer do Señor.**

Lectura do libro do Éxodo

Imaxe 213 neno encadeado



Naqueles días, o Señor díxolle a Moisés:

- “Decátome que o meu pobo non vive libre en Exipto. Están tendo que sufrir verdadeira escravitude. Vai ser necesario que se poñan en camiño cara unha vida mellor.

Manda ós israelitas que se poñan en marcha.



Imaxe 214 pobo camiñando

Ti ergue a vara, e non lle teñades medo ao mar, que eu estarei á vosa beira e chegaredes á terra prometida.



### Imaxe 215 emigrantes en caiuco

Persequiranvos para que non fuxades na procura dunha vida máis digna, pero eu estarei do voso lado, e mostrareime glorioso á conta do faraón, dos seus carros e á dos seus exércitos, e aprenderán os exipcios que eu son o Señor”.

Moisés guiou ao seu pobo coa esperanza de poderen fuxir do sufrimento e da penuria.



**Imaxe 216 emigrante galego** Cruzando o mar chagaron á Terra Prometida, e acadaron a liberdade. Nada puideron facer os exipcios no seu intento de seguir escravizando ao pobo do Señor.



**Imaxe 217 abrazos de acollida** Aquel día liberou o Señor ao seu pobo da escravitude. O pobo recoñeceu que o Señor os tratara con man agarimosa e creron nel.

Entón, ao chegaren á Terra Prometida, Moisés e os israelitas cantaron e festexaron ao Señor.



### Imaxe 218 festa na praia

PALABRA DO SEÑOR

**A TÚA PALABRA É O MEIRANDE BEN,  
DÁNOLA ESPERANZA, MANTENNOS NA FE**

### Imaxe 219 as cantareiras



- "Cantarei ao Señor, que se cubriu de gloria,  
O Señor é a miña forza, a razón do meu canto,  
El é a miña salvación.  
El é o meu Deus, e louvareino,  
o Deus de meu pai, e ensalzareino.  
O Señor reinará por sempre.

**A TÚA PALABRA É O MEIRANDE BEN,  
DÁNOLA ESPERANZA, MANTENNOS NA FE**

### Segunda oración cos nenos



**2 Imaxe 220 refuxiados** Deus, Noso Pai, queremos ser unha man para a paz, para Palestina, para rachar con todas as cadeas que atan e fan sufrir.



**Imaxe 221 abusos** Aléntanos para non calar os abusos, e dános esperanza para superar os atrancos.



**Imaxe 222 darse a man** Axúdanos tamén a ser un pobo que quere medrar en comunidade, tratando a todas as mulleres e homes con dignidade e igualdade. Por Cristo noso Señor. Amén.

(Os globos coa oración e a cesta pónenos á beira do estandarte das parroquias)

# TERCEIRA LECTURA: EZEQUIEL

Deus agasalla con un corazón que ama

***Dareivos un corazón novo. Que falta nos fai, Señor, o corazón que saiba aceptar ao outro, o corazón que saiba compartir, o corazón que sufra co que sofre, o corazón que nos faga testemuñas de paz.***

***Corazón que empuxe nos mellores coidados e que nos faga cribles facendo da terra casa común. escoitemos***

Lectura do libro do profeta Ezequiel



**Imaxe 234 nenos de todas as razas**

Di o Señor:

“recollereivos das nacións, xuntareivos de tódolos países e traereivos á vosa terra.



**Imaxe 235 corazón** Dareivos un corazón novo e poñerei nas vosas entrañas un espírito novo;



**Imaxe 236 muller soa** sacarei da vosa carne o corazón de pedra, que tantas veces acarrexasoidades,



**Imaxe 237 corazón** e poreivos un corazón de carne, para compartirdes de verdade.



**Imaxe 238 ameazas** Arrincareivos o corazón de pedra, que tantas veces vos enfurece,



**Imaxe 239 nai coa filla** e poreivos un corazón de carne, para serdes cheos de agarimo.



**Imaxe 240 nenos con armas** Arrincareivos o corazón de pedra, que vos leva á violencia e ás liortas,



**Imaxe 241 xaula e a pomba** e poreivos un corazón de carne, para serdes testemuñas de paz.

Porei nas vosas entrañas o meu espírito viviredes no país que lles dei a vosos pais:



**Imaxe 242 Os Cotos**

Seredes o meu pobo e eu serei o voso Deus."

PALABRA DO SEÑOR

**VEÑA O TEU REINO SEÑOR, VEÑA O TEU REINO**

**Imaxe 243 dar de comer ao maior 243**



Crea, Deus, en min un corazón puro, renóvame por dentro cun espírito firme.

Non me botes da túa presenza e non tires de min o teu santo espírito.

### Imaxe 244 dar comida ao neno



Devólveme a alegría da túa salvación,  
sostenme co espírito xeneroso.  
Ensinarei o teu camiño aos pecadores  
e volverán a ti os descarreirados.

**VEÑA O TEU REINO SEÑOR, VEÑA O TEU REINO**

### Terceira oración cos nenos



**3 Imaxe 245 refuxiados** Pai de amor, queremos ser un pobo con un corazón novo, capaz de doerse co nada que vale a vida por culpa da violencia.

Énchenos da túa forza para compartir os soños de paz das persoas e pobos que hoxe viven en Palestina.



**Imaxe 246 abusos** Dános un corazón sen medo para non calar ante os abusos que sofren moitas vidas inocentes.



**Imaxe 247 soedade** Dános unhas mans agarimosas para coidar e acompañar aos nosos seres queridos, como fixemos co noso párroco Andrés. Por Cristo noso Señor. Amén.

(Os globos coa oración e a cesta pónenos á beira do estandarte das parroquias)

## MONICIÓN AO GLORIA

É festa, é hora de louvar a Deus

**Canto: GLORIA A DEUS (3)**

### Cuarta oración cos nenos



**4 Imaxe 248 nova terra** Deus noso Pai, queremos ser irmáns de Xesús, para contaxiar de paz ao mundo enteiro.



**Imaxe 249 abusos** Confiados en Ti, Pai, queremos compartir o amor do teu Fillo Xesús Resucitado. El convídanos a ser irmáns tratando a todas as persoas con respecto.



Imaxe 250 acompañar **El resucita nos nosos seres queridos que xa non están con nós. Así tamén nós resucitamos con Cristo que vive e reina por sempre eternamente. Amén.**

(Os globos coa oración e a cesta pónenos á beira do estandarte das parroquias)

## LECTURA DO NOVO TESTAMENTO (ROMANOS)

Considerámonos vivos para Deus en Cristo

***A Resurrección só é posible se somos capaces de vivir unha vida nova, sen fronteiras, con paz, onde poidamos gozar todos desta terra que Deus puxo nas nosas mans para ser felices.***

***Non hai dereito á guerra, tampouco hai dereito a poñer atrancos que nos impidan o encontro cos demais, e nos pechen na miseria dunha terra que foi posta nas nosas mans para darnos vida. escoitemos***

Lectura da Carta aos Romanos



Imaxe 251 Cristo resucitado Irmáns:

Ignorades que a cantos nos bautizaron en Cristo Xesús, bautizáronnos na súa morte? Enterráronnos, logo, con el polo bautismo na morte, para que, como Cristo resucitou dos mortos pola gloria do Pai, así tamén nós camiñemos nunha vida nova.

Pois se nos enxertaron nel pola semellanza dunha morte como a súa, seguro que tamén o farán por unha resurrección semellante.

Se xa morremos con Cristo, cremos que tamén viviremos con El. Considerádevos vivos para Deus en Cristo Xesús.

PALABRA DO SEÑOR

Canto: **XESÚS É SEÑOR**

EVANXEO

Canto: **XESÚS É SEÑOR**

HOMILÍA

# LITURXIA BAUTISMAL

Imaxe 301 o mar ao rematar a homilía



## MONICIÓN AS LADAIÑAS

Esta parte da celebración xira arredor da auga. Ela enche de vida os mares, e ela enche tamén de vida a nosa terra de Os Cotos.



Imaxe 302 regato E por ser a auga signo de vida, é tamén para nós signo de Resurrección. Hoxe traemos aquí auga recollida de todas as parroquias.



Imaxe 303 fonte Baleiran as garrafas



Imaxe 304 auga soa Esta auga que imos bendicir lémbra-nos o noso bautismo, a nosa incorporación a Cristo e a súa Comunidade, e énchenos de vida. Porque somos igrexa, deixámonos enchoupar, sen medo, desta auga de vida.

Dirixamos a nosa oración a Deus, para que renazamos á fe e pidamos a axuda dos homes e mulleres de ben dicindo “Camiñade con nós”

SANTOS E SANTAS DA COMUNIDADE DE FORNELOS  
SANTOS E SANTAS DA COMUNIDADE DE SAN VICENTE  
SANTOS E SANTAS DA COMUNIDADE DE TRASPIELAS  
SANTOS E SANTAS DA COMUNIDADE DE XUNQUEIRAS  
SANTOS E SANTAS DA COMUNIDADE DE MOSCOSO  
SANTOS E SANTAS DA COMUNIDADE DE CALVOS  
SANTOS E SANTAS DA COMUNIDADE DE VENTÍN  
SANTOS E SANTAS DA COMUNIDADE DE ESTACAS  
SANTOS E SANTAS DA COMUNIDADE DE VERDUCIDO  
SANTOS E SANTAS DA COMUNIDADE DE A LAXE  
TODOS OS HOMES E MULLERES DE BEN

## BENDICIÓN DA AUGA

Benqueridos irmáns, pidámoslle humildemente a Deus, noso Pai, que bendiga esta auga en recordo do noso bautismo.

Que el nos renove interiormente, para permanecermos fieis ao Espírito que nos foi dado, de xeito que as nosas palabras e feitos fagan crible o evanxeo do Resucitado.

(silenzo)

## ORACIÓN

**Señor da creación e do amor, que nos dás a auga da vida,** e nos ofreces o bautismo como porta de entrada na comunidade cristiá, acompaña este momento no que, reunidos no teu nome, queremos facer da auga sinal da túa presenza.

**Señor da creación e do amor, que nos dás a auga da vida,** para lembrarnos que, a través dela, a forza do teu Espírito camiña sempre con nós.

**Señor da creación e do amor, que nos dás a auga da vida,** que nos ofreces en Cristo unha nova creación na que deixemos atrás a angustia, o enfrontamento e as ansias de aproveitarnos dos demais.

### Canto: A AUGA DO SEÑOR (4)

**Mira, Pai, esta comunidade que hoxe** quiere renovarse coa forza da oración, e abre para ela a fonte do bautismo, para que esta auga reciba, polo **Espírito Santo**, a graza do teu **Fillo**, de xeito que morramos ao vello que levamos en nós e renazamos á luz dunha nova humanidade inaugurada en Xesús Resucitado, a humanidade dos homes e mulleres de ben e de paz.

Que a presenza do Espírito Santo, + descenda sobre esta auga, para que camiñemos cara á vida nova da PASCUA con Cristo Resucitado que vive e reina por sempre eternamente. Amén.

### Canto: A AUGA DO SEÑOR (4)

## RENOVACIÓN DAS NOSAS PROMESAS DO BAUTISMO

*Benqueridos irmáns, por medio do noso bautismo participamos xa no misterio pascual de Xesús, fomos sepultados na morte para resucitarmos á nova vida. Por iso agora imos renovar as promesas do noso bautismo: por elas, un día, renunciaremos ao mal e comprometémonos a servir a Deus e a toda a humanidade.*

### RENUNCIAMOS AO MAL

Imaxe 305 ameazar



\* Renunciades a creros superiores aos outros; isto é: a calquera clase de abuso, discriminación, orgullo, egoísmo e desprezo?

**SI, RENUNCIO**

Imaxe 306 Ucrania



\* Renunciades a calar diante das inxustizas e as necesidades das persoas e dos pobos, por covardía, preguiza, comodidade e vantaxes persoais?

**SI, RENUNCIO**

Imaxe 307 do neno famélico



\* Renunciades aos criterios e comportamentos que fan do diñeiro a aspiración máis grande da vida, que poñen o pracer por enriba de todo, e que aprecian a liberdade persoal e o individualismo por enriba da responsabilidade social e da comunidade?

**SI, RENUNCIO**

*Agora renovamos a nosa fe*

Imaxe 308 duns pais con cativa



Credes en Deus,  
Pai e Nai de todos os homes e mulleres,  
que nos agarima nas súas mans  
e que conta con nós para mellorar a vida?

**SI, CREEMOS**

Imaxe 309 de nenos compartindo



Credes en Xesús Cristo,  
o seu fillo benquerido,  
sempre atento para dar unha man,  
e que nos quere dando vida á Pascua  
co noso bo facer de cada día?

**SI, CREEMOS**

Imaxe 310 paz



Credes no Espírito de Deus,  
que nos alenta esperanza para soñar irmandade,  
que nos alenta forza para doernos coa violencia,  
que nos alenta paz para sementala por toda a Terra?

**SI, CREEMOS**

Imaxe 311 mellor pontes que muros



Credes na Igrexa,  
unha Igrexa que se fai crible en comunidade,  
acolledora, respectuosa e coidadora da terra  
e da vida de todas as mulleres e homes  
que non contan para ninguén?

**SI, CREEMOS**

# LITURXIA EUCARÍSTICA



OFRENDAS Imaxe 401 de pan e viño (ao rematar o credo)

Canto do santo: **SANTO (6)**

PREGARIA EUCARÍSTICA



Imaxe 402 mans erguidas ao rezarmos ao Pai (Noso Pai)



Imaxe 403 mans unidas dámonos a paz (Paz)

Canto na paz: **QUE MEDRE A PAZ NA NOSA TERRA**



Imaxe 404 partimos o pan (Durante a comunión)

Cantos comunión: **TODO O MUNDO UNHA FAMILIA (5)**

**ACHARTE PRESENTE NA VIDA (9)**

**NO COLO DA MIÑA NAI (8)**

## SIGNO PARA CÁRITAS



Imaxe 501 eslogan de caritas (cando os de caritas collen o farol e a auga)

## SIGNO DO FAROL QUE VAI PARA A PARROQUIA




Imaxe 601 vela (Cando se achegan cos farois e os acenden)

## SIGNO DA AUGA QUE VAI PARA A PARROQUIA



Imaxe 701 auga (Cando se lle convida a achegarse a recoller auga)

## CONVIDADOS Á FESTA



Imaxe 901 Festa Os Cotos

DESPEDIDA

Canto final: **XESÚS CHAMADO AMIGO (7)**

*¡¡ ALELUIA !!*

*“CRISTO ESTÁ RESUCITADO”*

